Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao final de cada tema, e de forma voluntaria para o alumnado, levarase a cabo unha pequena proba de coñecemento que permitirá ir recompilando información de cada alumna/o sobre a evolución da adquisición de competencias cognitivas. Estas probas retroalimentan a información, xa que lle serán devoltas ao alumnado coas indicacións pertinentes. Ademais permiten realizar avaliación de proceso e son unha ferramenta útil para conseguir que o alumnado teña a materia ao día e non acumule temas sen traballar, pois a superación destas probas permitirá acadar unha avaliación positiva nesa parte da materia sen ter que realizar outra proba de coñecemento.
Foros de discusión	Esta atención permite que o alumnado resolva de forma autónoma a coordinación necesaria para o traballo de aulas B e C. No B estará formado polo grupo de proxecto e no C polo grupo de aula, que é reducido, aproximadamente 12 persoas. Deberan conformar unha rede de traballo a través de Internet con todos os compoñentes. O foro permitirá debater o necesario para acordar temas, priorizar o desenvolvemento, acordar quen intervirá na aula e sobre que, ... É un tipo de traballo autónomo do grupo, e quen se encargue da docencia deberá garantir que existe, que se comunican todos os membros e tomará nota do resultado dos debates e decisións.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Con esta atención, que se poderá desenvolver en aula (A,B e C) e nas titorías individuais e de grupo, preténdese estimular o alumnado a profundar e consolidar os coñecementos que ofrece a materia. A base para esta atención está na proposta de actividades que se fai ao final de cada tema. O alumnado poderá decidir que actividades realiza segundo os seus intereses ou relevancia, e despois poderá contrastar co grupo o resultado ou traballalo en titoría coa docente para mellorar as competencias cognitivas e metodolóxicas. Estes exercicios formarán parte da documentación compilada para o cartafol.
Titoría en grupo	Con esta atención preténdese contribuír a resolver as dúbidas que xurdan na realización das diferentes tarefas propostas ao alumando, nomeadamente aquelas que xurdan coa realización do proxecto de investigación en grupo (horas B) e nas que aparezan ao desenvolver o traballo de seminario (horas C). Poderá realizarse nas horas B e C e no despacho.
Actividades introdutorias	Con esta atención preténdese aclarar todo o necesario para desenvolver correctamente o traballo de curso. En cada tipo de aula (A, B, C), por ser diferente, levaranse a cabo as necesarias explicacións sobre contidos, metodoloxía e avaliación, dando a palabra ao alumnado para que poida preguntar o que considere oportuno. Na primeira parte da intervención poderanse empregar estratexias que permitan coñecer aproximadamente o grao de familiaridade do alumnado coa materia e coas metodoloxías que se van aplicar. Poderanse realizar tormentas de ideas, visionar algunha peza audiovisual e logo ter un coloquio sobre ela, realizar a presentación do alumnado facendo algún tipo de precisión, ou calquera outra estratexia de iniciación á materia.
Traballos tutelados	A atención céntrase na orientación para o deseño teórico e metodolóxico e no seguimento da realización do proxecto de investigación que o alumnado debe realizar en grupo. Esta atención levarase a cabo fundamentalmente no transcurso das aulas B que teñen como obxectivo específico acadar as destrezas básicas na praxe metodolóxica e tamén en destrezas tecnolóxicas, lingüísticas e colaboradoras. Levarase a cabo na aula B atendendo grupo por grupo, no despacho e a través de correo electrónico.
Presentacións/exposicións	Esta atención ten como obxectivo orientar o alumnado na mellora das destrezas comunicativas ou na superación dos obstáculos que se poden presentar ao falar en público e comunicar de forma eficiente. Dedicarase unha sesión colectiva a preparar e orientar nestas destrezas na hora A e na B e, eventualmente, tamén se pode traballar na titoría de xeito individual.
Prácticas autónomas a través de TIC	Esta atención pretende que o alumnado adestre no uso dos recursos que ofrecen as TIC: procura de información, manexo de ferramentas básicas para deseñar táboas e gráficas, tratamento de datos e busca de fontes. Respecto da procura de información e valoración e cita de fontes, o alumnado deberá realizar obrigatoriamente o curso que ofrece a biblioteca do campus. Para adestrar en tratamento de datos e elaboración de gráficas e cadros a atención levarase a cabo na aula en hora B e C ou na titoría.

Estudos/actividades previos	Quen teña o encargo da docencia porá a disposición do alumnado dende o inicio de curso a documentación necesaria para realizar o traballo previo ás sesións A, B ou C. Esta atención permitirá que o alumnado poida asistir ás aulas cun coñecemento previo do que se vai tratar e polo tanto poderá formular dúbidas e preguntas con maior acerto, ou mesmo debater sobre o que se está aprendendo. O alumnado debe ler a documentación ou o material proposto e facilitado pola/o docente. Pode ser para unha actividade teórica - procura de información, análise e organización de documentación- ou a realización dunha tarefa que deba ser resolta con traballo práctico.
Sesión maxistral	Con esta atención non se pretende realizar leccións nas que a relación docente alumnado sexa xerárquica e unidireccional. Para evitar isto a presentación estruturada e ordenada dos temas xa está a disposición do alumnado na plataforma Fatic, de modo que o alumnado pode e debe lela con anterioridade, e dese modo ten xa un punto de partida para poder reflexionar e participar na aula. Non obstante, nos tempos dedicados á exposición a cargo da/o docente levarase a cabo a explicación e aclaracións do contido da materia que o alumnado considere de maior interés pola súa relevancia ou complexidade. En todo caso hai un guión estándar que consiste en: relacionar o contido do tema co marco global da materia, resaltar as ideas principais, aclarar aqueles puntos máis complexos, dar a palabra ao alumnado para resolver as dúbidas e ofrecer exemplos (de actualidade, reais, etc.), relacionar os novos conceptos, e asegurar a comprensión do contido empregando a exposición teórica ou a discusión e debate.
Probas	Descrición
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	O alumnado poderá facer de xeito voluntario unha proba de resposta longa, con acceso a información durante o desenvolvemento da mesma, co obxectivo de subir a cualificación final. Poderá realizala o alumnado que acade unha cualificación superior ou igual a notable 8. Esta proba dará a oportunidade de acceder ao sobresaliente ou matrícula de honra. A proba desenvolverase na data de exame final oficial.
Probas de resposta curta	Esta atención permitirá (ao alumnado e á docente) ter información semanal sobre o desenvolvemento da aprendizaxe da materia. O contido será sobre o máis importante de cada tema e a resposta curta permite obter información sobre se se van acadando as destrezas cognitivas requiridas. As explicacións en aula A son importantes para resolver dúbidas e as probas realizaranse nas horas A. a superación destas probas permite acadar a cualificación positiva sen ter que realizar o exame final.
Cartafol/dossier	Con esta atención preténdese estimular o alumnado para traballar aquelas destrezas máis febles que cada quen identifique, tanto no plano cognitivo como metodolóxico, lingüístico ou tecnolóxico. A docente ofrece unha batería de propostas en forma de pescudas, reflexións, análises de pezas documentais literarias ou de imaxe, etc. e será o propio alumnado quen decida que e canto facer. Todo este traballo formará parte dun cartafol/dossier persoal que se poderá mostrar e consultar coa docente, quen propondrá melloras e orientacións. Este cartafol poderá formar parte da documentación a ter en conta para a avaliación final.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballos tutelados	Esta metodoloxía está pensada para poñer en práctica os coñecementos adquiridos e activar as capacidades que permiten acadar competencias de aplicación á realidade. O traballo será realizado en pequeno grupo, guiado, avaliado en proceso e avaliado en resultado. A base sobre a que se aplican os criterios de avaliación é a das competencias da materia a través da participación do alumnado nas sesións de introdución e de seguemento e a memoria onde se recolle o traballo realizado.	25	B2 C12 D1 B5 C13 D2 B11 C23 D3 B12 C24 D5 C25 D6 C26 D7 C27 D8 C28 D9 C29 D10 C36 D11 C43 D12 C62 D13 C63 D14 C67 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21

Presentacións/exposicións	Neste apartado terase en conta a presentación pública dos traballos tutelados, así como a presentación e debate ou posta en común en aula dos exercizos e dos seminarios. polo tanto neste apartado é no que se valoran especificamente as competencias relacionadas coa comunicación e a participación nas aulas A, na presentación pública da memoria do proxecto de investigación, e nos seminarios das horas C.	15	C10 D3 C12 D5 C43 D6 C63 D11 C67 D17 D21
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Esta metodoloxía, de carácter voluntario, está pensada para aquelas persoas que desexen afondar un pouco máis nos temas. No material preparado pola docente fanse suxestións que orientan ao alumnado para este fin, podendo tamén o propio alumnado afondar en aspectos que non estean suxeridos pola docente. Este traballo voluntario pasará a formar parte do cartafol individual do alumnado e permitirá sumar para a avaliación final.	5	B11 C13 D1 B12 C14 D3 C28 D15 C43 D21 C62 C66 C67
Seminarios	Cada grupo C terá 8 sesións en seminario (horas C) ao longo do cuadrimestre. Para o seu desenvolvemento será preciso que o alumnado se coordine, se documente e traballe previamente, individualmente e en grupo, coas lecturas e indicacións propostas. Nas sesións de seminario cada participante intervirá presentando as conclusións ás que chegara, de modo que se comparta o coñecemento e que se debata en grupo.	15	B5 C12 D1 B11 C13 D2 C30 D3 C37 D8 C43 D9 C48 D11 C64 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D19
Probas de resposta curta	Durante o desenvolvemento do curso realizaranse, de xeito voluntario por parte do alumnado, 10 probas de coñecemento de resposta curta sen apoio de apuntamentos nin material de consulta. Quen non desexe realizalas debe renunciar a esa posibilidade expresamente e comunicarllo á docente. Nese caso deberá realizar obrigatoriamente a proba de coñecemento na data do exame final pero sie apoio de material de consulta. Para a realización das probas tomarase como base os contidos dos temas e os exercicios propostos ao final de cada tema. As probas de resposta curta serán avaliadas de inmediato e devoltas ao alumnado para a súa comprobación e comentario en aula. permiten manter o ritmo de traballo e a retroalimentación respecto do resultado. De superarse estas probas non será necesario facer ningunha outra proba de coñecemento. Para iso non deben suspenderse máis de 4 por debaixo de 4, ou máis de 3 por debaixo de 3.5. O total de suspensos que se poderán acumular con estas cualificacións non deberá ser superior ao 40%.	30	B7 C1 B9 C4 B10 C10 B12 C11 C13 C14 C27 C28 C31 C36 C37 C62 C66 C67
Cartafol/dossier	O cartafol é de realización voluntaria e persoal, flexible segundo os intereses e necesidades da cada alumna/o. No cartafol irase plasmando o traballado realizado durante o curso: resolución de exercicios de entre os recomendados ao final de cada tema, pescudas, recensións, cometarios sobre vídeos e películas, ..., nel poderanse incluír elementos concernintes ao traballo de aula A, B ou C. Por exemplo, pódense incluír aspectos concretos relacionados co traballo de investigación tutelado de grupo que non teñan cabida na memoria. O cartafol poderase ir revisando na titoría ao longo do cuadrimestre por solicitude do alumnado ou da docente.	5	B2 C1 D1 B7 C4 D3 B9 C10 D12 B10 C12 D13 B11 C13 D14 B12 C14 D19 C27 D21 C30 C31 C36 C37 C43 C62 C64 C66 C67

<p>Probas de resposta longa, de desenvolvemento</p>	<p>A proba presencial de resposta longa (desenvolvemento dun tema ou dun comentario de texto) ten carácter voluntario e marcará a diferenza entre o notable e o sobresaliente ou a MH. Terá lugar na data da proba final oficial.</p> <p>Disporase de dúas horas para a súa realización e poderanse consultar materiais como o cartafol ou outras lecturas de consulta. Nesta data oficial final participarán tamén as persoas que non acadaran unha avaliación contínua positiva ao longo do desenvolvemento do cuadrimestre ou as que renunciaren expresamente a facelas. neste caso o tipo de proba será unha mestura de preguntas curtas e longas sen apoio de materiais de consulta. Tamén disporán de dúas horas para o seu desenvolvemento. Neste caso deberase acadar unha cualificación que permita facer media coas demais partes da materia, podendo chegar ata o 30% previsto para a avaliación continua coas probas de resposta curta.</p>	<p>5</p>	<p>B7 C1 D1 B9 C4 D3 B10 C10 D13 B12 C11 D14 C13 D19 C14 D21 C28 C31 C36 C37 C62 C66 C67</p>
---	---	----------	--

Outros comentarios sobre a Avaliación

Recoméndase encarecidamente que se lea esta guía con atención para poder aclarar as dúbidas xa na sesión de presentación da materia o primeiro día e non pasemos o curso aclarando cuestións que xa están recollidas neste documento.

Recoméndase poñer atención á documentación que se sube á plataforma virtual FAITIC. Nela están desenvolvidos os temas, esquemas de traballo, fichas e guiños para realizar comentarios e outros traballos voluntarios, guías (como a de análise de películas con perspectiva sociolóxica), novas, anuncios, calendario previsto de realización do programa e datas das probas de avaliación.

Ningún traballo tutelado vai darse por finalizado ata que non acade a cualificación de apto.

Debe poñerse atención á bibliografía máis ampliada e bases de datos importantes para o desenvolvemento dos traballos.

Recoméndase ver os vídeos, documentais e películas que se propoñen nos diversos temas da materia pois contribúen a abrir o foco e a mellorar a comprensión do tema.

Tamén é importante ler a prensa e estar ao tanto dos acontecementos, e ter unha actitude aberta, curiosa e crítica ante o mundo.

Polo tipo de materia que é fáise máis fincapé nos aspectos reflexivos que memorísticos.

A segunda convocatoria (avaliación de xullo) terá os mesmos requirimentos, de tal maneira que as partes superadas na primeira non hai que repetilas.

A data de exame pódese consultar na web da facultade no apartado de organización académica.

<http://feduc.webs.uvigo.es/>

Bibliografía. Fontes de información

- Fernández Palomares, Francisco (coordinador), **Sociología de la educación.**, Madrid: Pearson,
- Educación en tiempos inciertos, **Fernández Enguita, Mariano**, Madrid: Morata,
- Sociología de la Educación, **Fernández Enguita, Mariano (editor)**, Barcelona: Ariel referencia,
- Sociología, **Macionis, John J. & Plummer, Ken**, Madrid: Prentice Hall,
- La educación general en España, **Pérez-Díaz, Víctor e Rodríguez, Juan C.**, Fundación Santillana,
- Diccionario de sociología, **Salvador Giner, Emilio Lamo de Espinosa e Cristóbal Torres (editores)**, Madrid: Alianza Editorial,
- Las reformas educativas a debate, **Varela, Julia**, Madrid: Morata,
- Atando teoría y práctica en la labor docente, **Viniegra, L.**, Barcelona: Paidós,
- Investigación-acción, reflexión crítica sobre la práctica educativa, **VVAA.**, Eduforma,
- Aprendiendo a trabajar: como los chicos de la clase obrera consiguen trabajos de clase obrera, **Willis, Paul**, Madrid: Akal,
- El harén pedagógico. Perspectiva de género en la organización escolar, **Santos Guerra (coordinador)**, Barcelona: Graó,
- Cultura infantil y multinacionales, **Steimberg y Kinchelore (compiladores)**, Madrid: Morata,
- Nacimiento de dos hermanos gemelos: el sociólogo y el maestro de escuela (reflejo de Francia en el, **Volker, Joan**, Barcelona: Península,
- Chicos son hombres serán: cómo romper los lazos entre masculinidad y violencia, **Miedziam, Myriam**, Madrid: Horas y horas,

□La escuela obligatoria y la invención de la infancia anormal□ en Espacios de poder, **Muel, Francine**, Madrid: Ediciones de la Piqueta,

La escuela a examen, **Fernández Enguita, Mariano**, Madrid: Pirámide.,

La profesión docente y la comunidad escolar, **Fernández Enguita, Mariano**, Madrid: Morata,

Vigilar y castigar, **Foucault, Michel**, Madrid: Siglo XXI,

La escuela no es una empresa. El neoliberalismo al asalto de la escuela pública, **Laval, L.**, Barcelona: Paidós,

Educación como □Dios manda□., **Appel, Michel W.**, Barcelona: Paidós,

<http://www.un.org/>, **Naciones Unidas**,

<http://www.oneworld.net>, **One World**,

<http://www.europa.eu.int/index-en.htm>, **Unión Europea**,

<http://portal.unesco.org/>, **UNESCO**,

Escuelas y calidad de la enseñanza, **Informe internacional OCDE**, Barcelona: MEC/Paidós,

Educación superior y futuro de España, **Pérez-Díaz, Víctor e Rodríguez, Juan C.**, Fundación Santillana,

www.ine.es, **Instituto Nacional de Estadística**,

<http://www.consellodacultura.org>, **Consello da Cultura Galega**,

Falar galego: No veo por que. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia, **Iglesias Álvarez, Ana**, Vigo, Xerais,

www.ige.eu/web/index., **Instituto Galego de Estatística**,

faitic.uvigo.es/index., **Universidade de Vigo**,

www.csic.es/, **CSIC**,

www.migualdad.es/mujer/, **Instituto de la Mujer. La mujer en cifras**,

sgi.xunta.es/publdida.html -, **Servizo de Igualdade (Galicia)**,

www.oecd.org/document, **OCDE**,

www.cervantesvirtual.com/, **Biblioteca Virtual Cervantes**,

www.educarm.es/templates/portal/images/ficheros/revistaEducarm/, **REDINET (Información educativa)**,

www.sc.ehu.es/sfwseec/basedatos.htm -, **ERIC (Centro de recursos educativos)**,

www.plazayvaldes.es/libro/diccionario-critico-de-ciencias-sociales/1249/, **Diccionario crítico de Ciencias Sociales**,

www.injuve.mtas.es/injuve/portal.portal.action, **INJUVE (Instituto de la Juventud de España)**,

http://webs.uvigo.es/hcastro/guias/guia_dep08.html, **Como realizar un trabajo académico**,

Metodología de investigación, **Hernández Sapiéri**, México, Mc.Graw-Hill,

Amor líquido: acerca de la fragilidad de los vínculos humanos, **Bauman, Zygmunt**, México, FCE,

La convivialidad, **Illich, Ivan**, Barcelona, Virus,

Sociofobia: el cambio político en la era de la utopía digital, **Rendueles, César**, Madrid, Capitan Swing,

El Trabajo de cuidados, **Carrasco, Cristina**, Madrid, Los libros de la Catarata,

La corrosión del carácter, **Sennett, Richard**, Barcelona, Anagrama,

La invención de los derechos humanos, **Hunt, Lynn**, Barcelona, Tusquets,

Como aprender a amar en la escuela, **Renau, M^a Dolors (Ed.)**, Madrid, La catarata,

Peligro, niños, **Tonucci, Francesco**, Barcelona, Graó,

Pedagogías invisibles. El espacio del aula como discurso, **Acaso, María**, Madrid, La catarata,

Pensando el futuro de la educación, **Imbermom, F. Jarauta, B. (Coord.)**, Barcelona, Graó,

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase encarecidamente que se lea esta guía con atención para poder aclarar as dúbidas xa na sesión de presentación da materia o primeiro día e non pasemos o curso aclarando cuestións que xa están recollidas neste documento.

Recoméndase poñer atención á documentación que se sube á plataforma virtual FAITIC. Nela están desenvolvidos os temas, esquemas de traballo, fichas e guións para realizar comentarios e outros traballos voluntarios, guías (como a de análise de películas con perspectiva sociolóxica), novas, anuncios, calendario previsto de realización do programa e datas das probas de avaliación.

Ningún traballo tutelado vai darse por finalizado ata que non acade a cualificación de apto.

Debe poñerse atención á bibliografía máis ampliada e bases de datos importantes para o desenvolvemento dos traballos.

Recoméndase ver os vídeos, documentais e películas que se propoñen nos diversos temas da materia pois contribúen a abrir o foco e a mellorar a comprensión do tema.

Tamén é importante ler a prensa e estar ao tanto dos acontecementos, e ter unha actitude aberta, curiosa e crítica ante o mundo.

Polo tipo de materia que é faise máis fincapé nos aspectos reflexivos que memorísticos.

A segunda convocatoria terá os mesmos requirimentos, de tal maneira que as partes superadas na primeira non hai que repetilas.

En caso de non poder asistir establecerase un sistema de traballo en titoría que permita solventar esta situación sen menoscabo do cumprimento de todos os resultados e de acadar todas as competencias establecidas na guía.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Comunicación: Lingua galega**

Materia	Comunicación: Lingua galega			
Código	P02G110V01201			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernández Salgado, Benigno			
Profesorado	Arias Freixedo, Xosé Bieito Fernández Salgado, Benigno			
Correo-e	bfsalgado@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	A especialidade do Grao en Educación Infantil esixe que o futuro docente posúa, ademais dunha ampla formación en aspectos psicopedagóxicos, unha boa competencia na ferramenta básica da comunicación: a lingua. O obxectivo desta materia é desenvolver dun modo coherente as capacidades lingüísticas e comunicativas de xeito que se favoreza a transmisión de coñecementos e a formación integral dos discentes. Alén de aprender a escoitar, tres son as destrezas que os profesores deben axudar a perfeccionar nas aulas: a capacidade lectora (comprensión, ritmo, dicción), a expresión oral (corrección, claridade, fluidez) e a expresión escrita (coherencia, unidade, gramaticalidade). O futuro mestre de Educación Infantil deberá, por tanto, adquirir un nivel adecuado de lingua galega con vistas a desempeñar con eficacia as súas tarefas docentes: utilizando a lingua galega como lingua normal no ensino, servindo de modelo lingüístico para os seus alumnos e corrixindo os erros ou inadecuacións que estes poidan cometer na lingua oral e escrita.			

Competencias

Código	
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
C43	Favorecer as capacidades de fala e de escritura.
C44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
C46	Comprender o paso da oralidad á escritura e coñecer os diferentes registros e usos da lingua.
C48	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
C49	Recoñecer e valorar o uso adecuado da linguaxe verbal e non verbal.
C50	Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D7	Resolución de problemas
D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Creatividade
D18	Lideranza

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.	B2	C48 C49	D3 D9 D11 D13 D14
Falar, ler e escribir correcta e axeitadamente en galego.		C43 C44 C46 C50	D1 D2 D3 D11 D13 D15
Coñecer e dominar as técnicas de expresión oral e escrita para mellorar as competencias orais e escritas e, especialmente, para mellorar a redacción de textos académicos.		C44 C46	D1 D3 D13 D17
Coñecer a fonética e a ortografía da lingua galega		C43	D3 D15
Coñecer a gramática da lingua galega.		C44 C48	D1 D3 D12 D15
Coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua galega.	B2 B4 B5 B6		D3 D18
Comprender as regras de formación de palabras polas que a lingua galega constrúe o seu vocabulario por vía interna.		C43 C49	D1 D3 D7
Coñecer e utilizar adecuadamente un léxico suficiente para expresarse con precisión na exposición oral e na redacción de textos.	B6 B11		D3 D4 D7 D11 D12 D15

Contidos

Tema

Fonética e ortografía	O uso das grafías e o sistema fonético galego. A acentuación gráfica. Palabras de ortografía dubidosa. Os signos de puntuación.
Gramática	Substantivo e adxectivo. Artigo. Pronome persoal. Demostrativo. Posesivo. Indefinidos e numerais. Relativos, interrogativos e exclamativos. O adverbio. O verbo. O infinitivo conxugado. As perífrases verbais. Os elementos de relación: preposicións e conxuncións. A sintaxe oracional. Concordancia nominal e correlación verbal. A construción da oración.

Palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos.
 Grupos consonánticos.
 Sufixos e terminacións.
 Familias léxicas irregulares.
 Interferencias léxicas. Neoloxismos.
 A precisión léxica: selección do léxico, incorreccións comúns, tópicos e abusos.
 Procesos de formación de palabras e morfoloxía léxica.
 Derivación: prefixación e sufixación.
 Parasíntese.
 Composición.
 Outros procedementos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos tutelados	7.5	22.5	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	13	26	39
Traballos de aula	13	26	39
Sesión maxistral	13	13	26
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	6	8
Traballos e proxectos	2	6	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos tutelados	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia (estudo gramatical ou dialectolóxico) ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. A actividade inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción, edición e presentación.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Complementa a lección maxistral.
Traballos de aula	Exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Atendemento no despacho ou por correo electrónico.
Traballos tutelados	Daranse instrucións concretas nos primeiros días de clase.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballos tutelados	Elaboración dun traballo (texto escrito, estudo dialectolóxico ou análise de calquera aspecto relacionado co programa).	25	B2 B4 B5	C43 C44 C46 C49	D1 D2 D3 D7 D11 D12 D13 D14 D15 D17 D18
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exercicios de gramática e de léxico realizados en horas fóra de clase	10	B4 B6 B11	C43 C44	D2 D3 D7 D15

Traballos de aula	Realización de traballos. Resolución de problemas lingüísticos. Exercicios varios de léxico e gramática. Comentarios relativos a diversos contidos do programa.	10	B4 B6 B11	D1 D2 D3 D7 D11 D13 D15 D17 D18
Sesión maxistral	Asistencia para a preparación do exame de fin de curso que incluíra os temas gramaticais explicados, os discutidos nos seminarios e a aplicación práctica con exercicios (probos de resposta curta e tipo test)	5	B4	C50 D1 D2 D3 D13 D15
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	Exame teórico e práctico sobre os contidos do programa	40	B6	C43 C44 C49 D1 D2 D3 D4 D7 D13
Traballos e proxectos	Presentación oral do traballo tutelado	10		C43 C44 C46 C48 D1 D2 D3 D11 D13 D17

Outros comentarios sobre a Avaliación

Modelo A. Avaliación continua: para aprobar a materia o alumnado deberá superar (a) o traballo de curso, (b) os exercicios e (c) o exame. As notas do exame aprobado sumaranse ás notas de (a) e (b).

Modelo B. Avaliación única: os estudantes que non asistan regularmente ás clases terán que presentarse a un exame final da materia, en data determinada polo centro, que figurará na páxina web correspondente. Dúas semanas antes do exame entregarán o traballo de curso e os exercicios.

As datas dos exames pódense consultar na web da facultade na sección de organización académica

Bibliografía. Fontes de información

- Álvarez, R. e Xove, X., **Gramática da lingua galega**, Vigo: Galaxia,
Callón, Carlos, **Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez**, Vigo: Xerais,
Crystal, D., **A morte das linguas**, Vigo: Galaxia,
Dubert García, Francisco et al., **Novo dicionario da lingua galega**, Vigo: Obradoiro,
Fernández Salgado, B. (ed.), **Dicionario de usos e dificultades da lingua galega**, Vigo: Galaxia,
Formoso Gosende, V., **Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico**, Vigo: Xerais,
Freixeiro Mato, X. R., **Gramática da lingua galega, I, II, III**, Vigo: A Nosa Terra,
Freixeiro Mato, X. R., **Estilística da lingua galega**, Vigo: Xerais,
Granxa González, X. A. e Méndez Álvarez, M. X., **Manual de lingua galega I e III**, Vigo: Xerais,
Guinovart, X., **A Lingua galega en Internet**, Vigo: Universidade de Vigo,
Hermida, C., **Gramática práctica (morfosintaxe)**, Santiago: Sotelo Blanco,
ILG/RAG, **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, Santiago de Compostela: ILG/RAG,
López Taboada, C. e Soto Arias, R., **Dicionario de fraseoloxía galega**, Vigo: Xerais,
Méndez Álvarez, M^a. X., **Ortografía da lingua galega**, Vigo: Xerais,
Muñoz Súa, B., **Claro e seguido, 1, 2, 3, 4**, Vigo: Xerais,
Núñez Singala, Manuel, **En galego, por que non?**, Vigo: Galaxia,
Pena, X. R. e Rosales, M., **Manual e exercicios de galego urxente**, Vigo: Xerais,
Regueira, X. L., **Os sons da lingua**, Vigo: Xerais,
Santamarina, A. (dir.), **Dicionario de dicionarios, Versión 3**, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza,
VV.AA., **Gran dicionario Xerais da lingua**, Vigo: Xerais,
VV.AA., **Gramática Práctica da Lingua Galega. Comunicación e Expresión**, A Coruña: Baía Edicións,

Bibliografía adicional será fornecida nas aulas.

Ligazóns interesantes relacionadas coa lingua galega e a súa aprendizaxe:

<http://www.ogalego.eu/>

<http://ilg.usc.es>

<http://www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php>

<http://www.realacademiagalega.org/publicacions>

<http://www.realacademiagalega.org/diccionario/#inicio.do>

<http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Lexico2-Galicia.pdf>

<http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Lexico1-Galicia.pdf>

Recomendacións

Outros comentarios

- A ficha cos datos persoais e a fotografía debe entregarse nas dúas primeiras semanas de clase.
 - Recoméndase ao alumnado de intercambio posuír uns coñecementos de nivel B2 en lingua galega para cursar esta materia.
-

DATOS IDENTIFICATIVOS**Educación: Desenvolvemento motor**

Materia	Educación: Desenvolvemento motor			
Código	P02G110V01202			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Pazos Couto, Jose Maria			
Profesorado	Pazos Couto, Jose Maria			
Correo-e	chema3@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Materia de estudio da motricidade humana con especial incidencia na etapa de 0 a 6 anos. Fundamentos teóricos e recursos prácticos.			

Competencias

Código	
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
B8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia
B9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovelos nos estudantes
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
C2	Coñecer os desenvolvementos da psicología evolutiva da infancia nos períodos 0-3 e 3-6.
C4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
C15	Coñecer os principios básicos dun desenvolvemento e comportamento saudables.
C16	Identificar trastornos no soño, a alimentación, o desenvolvemento psicomotor, a atención e a percepción auditiva e visual.
C18	Detectar carencias afectivas, alimenticias e de benestar que perturben o desenvolvemento físico e psíquico adecuado dos estudantes.
C21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo no aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
C23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e a mellóraa en educación infantil.
C24	Dominar as técnicas de observación e rexistro.
C25	Abordar análise de campo mediante metodoloxía observacional utilizando tecnoloxías da información, documentación e audiovisuais.

C26	Saber analizar os datos obtidos, comprender críticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións.
C36	Coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento científico e a experimentación.
C44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
C53	Coñecer os fundamentos musicais, plásticos e de expresión corporal do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D5	Coñecemento de informática
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun contexto internacional
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D18	Lideranza
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade
D22	Sensibilidade por temas ambientais

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
O alumnado adquirirá coñecementos básicos dos procesos de percepción e memoria mediante a realización das distintas actividades que se propoñen ao longo do cuadrimestre e as sesións maxistras.			
Coñecer os fundamentos da motricidade humana con especial incidencia na etapa dos 0 a 6 anos	B2 B4 B6 B8	C1 C2 C4 C18 C23 C53	D8 D9 D13 D14 D21
Coñecer os fundamentos da expresión corporal do currículo así como as teorías da adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes.	B1 B5 B6	C15 C16 C23 C24 C25	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D10 D15 D17 D18
Saber utilizar o xogo como recurso didáctico así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.	B3 B11	C21 C26 C36	D1 D2 D7 D8 D9 D11 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D21

Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión, as habilidades motrices e a creatividade.	B7 B9 B10 B12	C44	D2 D4 D5 D9 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D19 D20 D22
Coñecer e utilizar cancións para promover a educación rítmica	B5 B6 B9 B11 B12	C16 C44	D1 D2 D9 D17
Deseñar actividades encamiñadas ao desenvolvemento das habilidades motrices e potenciar nos nenos e nenas o coñecemento e control do seu corpo e as súas posibilidades motrices e os beneficios que ten sobre a saúde.	B2 B4 B8 B9 B12	C16 C18 C24	D1 D2 D7 D8 D9 D11 D13 D15 D16
Promover a sensibilidade relativa á expresión e a creación.	B3 B4 B6 B8 B11 B12	C1 C23 C36	D8 D9 D11 D12 D13 D14 D16 D17 D18 D21

Contidos

Tema

TEMA 1: Desenvolvemento e aprendizaxe motor. Conceptos xerais e modelos explicativos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Concepto de Educación psicomotriz. 2. Obxectivos da Educación psicomotriz. 3. Acción educativa. 4. Orixe da Educación psicomotriz. <ol style="list-style-type: none"> 4.1. - Wallon. (Unidade funcional, desenvolvemento, relación entre trastornos psicomotores e trastornos do comportamento) 4.2.-Outros. (Psicanálise, Ajuriaguerra, Gessell, Dupre, Guilmain.) 5. A aproximación psiquiátrica e neuropsiquiátrica (Ajuriaguerra). 6. A aproximación psicopedagóxica (Picq e Vayer). 7. Aproximación científica: o método psicocinético de J. Lle Boulch. 8. A educación vivenciada de A.Lapierre e B.Aucouturier. 9. Educación psicomotora nos países anglófonos. <ol style="list-style-type: none"> 9.1. O modelo perceptivo-motor de Cratty. 9.2. O método de Delacato. 9.3. O método de educación perceptivo motórica de Kephart 9.4 Educación psicomotriz e Educación Física de Base
--	--

TEMA 2.- Factores constitutivos da competencia motriz, concepto e desenvolvemento: Os primeiros movementos; Control corporal e conciencia corporal, esquema corporal, actividade tónica postural, lateralidade, respiración, relaxación, sensopercepción, habilidades corporais e habilidades manipulativas

- 1.- O esquema corporal:
 - 1.1. Toma de conciencia e representación.
 - 1.1.1. Evolución da imaxe corporal.
 - 1.1.2. Programa educativo básico.
 - 1.2. Organización do esquema corporal.
 - 1.2.1. Percepción e control do propio corpo.
 - 1.2.2. Control postural e equilibrio.
 - 1.2.3. Control respiratorio.
2. Afirmación da literalidade e orientación do esquema corporal.
 - 2.1. Evolución do proceso de lateralización.
 - 2.2. Posta en práctica do predomínio lateral e a orientación do esquema corporal.
3. Actividades e metodoloxía de aplicación.
4. As tarefas motrices habituais.
5. Os aspectos perceptivos.
6. Percepción dun mesmo.
 - 6.1. Aspectos funcionais. Carácter global e segmentario.
 - 6.2. Aspectos estruturais. Carácter global e segmentario.
7. Percepción da contorna.
 - 7.1. Aspectos funcionais (utilización de espazo-tempo).
 - 7.2. Aspectos estruturais (posibilidades de situación da contorna en relación a nós no espazo e no tempo. Posibilidades do estado da contorna: Fixo. Estable. Cambiante.
 - 7.3. Aspectos temporais: Duración de sucesos. Precisión de sucesos. Reiteración de sucesos.
 - 7.4. Aspectos espazo-temporais: Velocidade. Aceleración.
8. Actividades e metodoloxía de aplicación.
9. Concepto de habilidades motrices básicas.
 - 9.1. Estadios no desenvolvemento das habilidades motrices.
10. Desprazamentos.
 - 10.1. Concepto.
 - 10.2. Factores a considerar nun programa educativo para o desenvolvemento dos desprazamentos.
 - 10.3. Aspectos dos desprazamentos.
 - 10.4. Factores que interveñen nos desprazamentos.
11. Saltos.
 - 11.1. Concepto.
 - 11.2. Partes do salto e a súa utilización didáctica.
 - 11.3. Factores que interveñen nos saltos.
12. Xiros.
 - 12.1. Concepto.
 - 12.2. Clasificación dos xiros.
 - 12.3. Factores que interveñen nos xiros.
13. Lanzamentos e recepcións.
 - 13.1. Concepto.
 - 13.2. Clasificación dos lanzamentos e das recepcións.
 - 13.3. Factores que interveñen.
14. A coordinación motriz xeral.
 - 14.1. Concepto.
 - 14.2. Evolución no neno.
15. A coordinación segmentaria.
 - 15.1. Coordinación óculo-manual.
 - 15.2. Coordinación óculo-pié.
16. Actividades e metodoloxía de aplicación.
17. O corpo e o movemento como medios de expresión.
18. A expresión corporal e os seus elementos básicos.
 - 18.1. A linguaxe corporal e o xesto.
 - 18.2. Elementos cualitativos do movemento: o espazo e O tempo.
 - 18.3. Actividades de expresión corporal: Expresión corporal. Danza. Mimo. Expresión dramática.
19. Ritmo e movemento.
 - 19.1. Consideracións teóricas.
 - 19.2. Influencia do ritmo na realización de tarefas motrices.
20. Actividades e metodoloxía de aplicación.

TEMA 3: Instrumentos de avaliación e criterios xerais de intervención.

1. A avaliación do desenvolvemento motor nos primeiros anos
2. Diferentes tipos de avaliación e justificación.
3. Aspectos a ter en conta na motricidade infantil

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	10	15	25
Traballos de aula	10	15	25
Debates	5	7.5	12.5
Presentacións/exposicións	14	21	35
Prácticas de laboratorio	10	15	25
Eventos docentes e/ou divulgativos	1	1.5	2.5
Probas de tipo test	2	3	5
Traballos e proxectos	5	5	10
Cartafol/dossier	4	6	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Sesión maxistral dos contidos da materia pero en determinados momentos incluíndo estratexias de resolución de problemas ou descubrimento guiado.
Traballos de aula	Traballos na aula en relación a casos prácticos vinculados aos contidos dos temas
Debates	Debates en pequenos grupos sobre os contidos ou casos prácticos propostos
Presentacións/exposicións	Exposicións prácticas de sesións
Prácticas de laboratorio	Realización de prácticas de laboratorio vinculadas aos contidos da materia
Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia a congresos, charlas e eventos vinculados a materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesión impartida polo profesor na aula
Presentacións/exposicións	Presentacións feitas polo alumnado
Debates	Debates na aula alumno-alumno ou profesor-alumno
Probas	Descrición
Cartafol/dossier	Traballos diarios solicitados polo profesor

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Probas de tipo test	Exame tipo test dos contidos da materia, ou de preguntas abertas	30	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C1 C2 C4 C15 C16 C18 C21 C23 C24 C25 C26 C36 C44 C53

Cartafol/dossier	Elaboración dun dossier sobre temas de interese da materia	20	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C1 C2 C4 C15 C16 C18 C21 C23 C24 C25 C26 C36 C44 C53	D5 D7 D9 D11 D14 D15 D16
------------------	--	----	---	---	--

Outros comentarios sobre a Avaliación

Haberá a modalidade de avaliación continua, na que a asistencia é obrigatoria. Na modalidade de avaliación continua o profesor irá avaliando de forma cotiá a participación do alumnado na aula, así como o traballo diario

Tamén haberá a modalidade estandar, coa realización de exames, tipo test e/ou respostas abertas

Na Convocatoria de xullo gardaranse as cualificacións obtidas que tiveran polo menos unha nota de cinco (5).O alumnado deberá superar cada parte da materia da seguinte maneira:- Parte teórica: Exame tipo test-Parte práctica:a) si seguiu avaliación continua durante cúrsoo deberá presentar un traballo asignado polo profesorb) si non seguiu avaliación continua deberá facer unha exame de preguntas abertas.

Bibliografía. Fontes de información

GIL, P. (2003), **Desarrollo psicomotor en Educación Infantil**, 1ª,

Duch, L. y Melich, J., **ESCENARIOS DE LA CORPOREIDAD (ANTROPOLOGIA DE LA VIDA COTIDIANA 2 /1)**, 2005,

AUCOUTURIER BARNARD, **LOS FANTASMAS DE ACCION Y LA PRACTICA PSICOMOTRIZ**, 2004,

Gil Madrona, P. (Coord), **Desarrollo Curricular de la Educación Física en la Educación Infantil**, 2013,

VVAA, **Desarrollo cognitivo y motor**, 2013,

Prieto Saborit, J.A., **Estimulación temprana y psicomotricidad.**, 2012,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Psicología: Psicología do desenvolvemento de 0-6 anos/P02G110V01104

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Psicología: Psicología da educación: Procesos de aprendizaxe infantil/P02G110V01205

Psicología: Psicología do desenvolvemento de 0-6 anos/P02G110V01104

Psicología: Fundamentos psicolóxicos da intervención temperá/P02G110V01304

DATOS IDENTIFICATIVOS**Educación: Organización do centro escolar**

Materia	Educación: Organización do centro escolar			
Código	P02G110V01203			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	de la Fuente Fernández, María Adoración			
Profesorado	de la Fuente Fernández, María Adoración			
Correo-e	delafuente@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia forma parte do módulo 5 Organización do espazo escolar, materiais e habilidades docentes de carácter básico, con 6 créditos ECTS. Está ubicada en 1º curso, no segundo cuadrimestre. Pretende proporcionar aos estudantes os coñecementos científicos e as técnicas necesarias para reflexionar sobre os distintos aspectos e ámbitos da Organización Escolar, coa finalidade de poder reflectilos nunha realidade concreta, é dicir, nun centro da nosa Comunidade Autónoma. Intenta, tanto pola actualidade dos contidos como polos ámbitos que abrangue, espertar os intereses dos estudantes polos aspectos que tradicionalmente non se trataban nos currículos académicos.			

Competencias

Código	
